



Deputación
DA CORUÑA

Nº 50
20/06/2018

Boletín de Medio Ambiente

San Xoán



A noite do 23 de Xuño, celébrase en numerosas praias da nosa provincia a noite máis longa de ano. Estas celebracións deixan unha pegada ecolóxica inmensa, en 2017 recolléronse das praias da cidade de Coruña 134 toneladas de lixo, no ano 2016 foron 190 toneladas.

Si este San Xoán vas celebrar á praia ou ao campo, lembra recoller todos os residuos e lévaos ata o colector correspondente. Con este pequeno xesto evitarás a contaminación da praia e que moitos residuos terminen nos océanos, sendo despois trampas mortais para peces e tartarugas.

Noticias

De onde vén o que comemos?

Como podo saber si os gandeiros que criaron a tenreira que me estou comendo déronlle unha vida saudable? Ou que polo camiño non contaminaron o campo no que se criou? A falta de transparencia fai que o consumidor dubide do que compra.

Pero a tecnoloxía xa fai posible trazar con exactitude a procedencia dos alimentos, coñecer a súa data ou si foron modificados xenéticamente. A información gardarase nun *blockchain* ao que se lle asigna un pasaporte dixital que o acompañará ao longo da cadea de subministración rexistrando o seu percorrido.

Fonte: El País

As cidades españolas máis ameazadas pola subida do nivel do mar

España, coa súa poboación concentrada principalmente nas zonas costeiras, está moi exposta ao fenómeno da subida do nivel do mar polo quecemento global. Santa Cruz de Tenerife está a tan só un metro de altitude. Bilbao, Alacante, Santander e As Palmas, a menos de 6m. Barcelona, Valencia, Sevilla, Málaga, San Sebastián e A Coruña están por baixo dos 20m sobre o mar. Desde 2012 a velocidade de perda de masa da Antártida acelerouse. Si non se actúa o nivel do mar haberá aumentado 27cm en 2070 a causa do desxeo orixinado polos 2,9°C de aumento da temperatura.

Fonte: ABC

A actividade humana está a converter aos animais salvaxes en nocturnos

Esta nova distribución temporal é unha reacción común á presenza de depredadores. A resposta da vida silvestre é a mesma tanto si a perturbación humana consiste en cazar como en facer sendeirismo. Os animais percíbennos como *superdepredadores* e responden modificando o seu comportamento. Refúxianse no abrigo da noite para evitar a presenza humana a medida que os hábitats van minguando ou desaparecendo. Isto ten consecuencias tremendamente negativas. O traslado temporal das actividades, para evitar coincidir con humanos, permite a coexistencia entre especies competitivas, limitando, por exemplo, a división temporal dos carnívoros que se alimentan das mesmas presas. Á súa vez a nocturnidade adoptada por especies diúrnas expónas a novos depredadores tipicamente nocturnos.

Fonte: El Mundo

Os ríos que máis contribúen a que os mares aláguense de plástico

Estímase que o río *Yangtsé*, en China, arroxa ao redor de 330 millóns de quilos de plástico ao mar cada ano. Tamén, o río *Ganges*, en India arroxa 600 millóns de quilos de plástico ao ano, ademais de conter refugallos humanos e contaminantes industriais, pero proporciona auga ao 40% da súa poboación. Séguelle o río *Amarelo*, o terceiro río máis longo de Asia, no que a contaminación fixo que gran parte da auga non sexa potable, ao redor do 30% dos seus peixes desapareceron. E no río *Níxer*, en África Occidental atopáronse refugallos plásticos entre os que se atopan o polietileno de alta e baixa densidade e o polipropileno.

Fonte: Ecoosfera

As árbores da vida morren

A árbore baobab (*Adansonia*), tamén coñecido como a "Árbore da vida", forma un tronco moi grosso e ancho e poden chegar a ter miles de anos e desenvolver ocos grandes no interior. O *Supland baobab*, nome polo que se coñece á árbore máis grande de África, dè máis de 1.000 anos de antigüidade, derrubouse o ano pasado. Outro famoso baobab, a árbore *Chapman* en Botswana, tamén colapsou en 2016.

Segundo suxire un novo estudo científico publicado en *Nature Plants*, algo similar está a sucederlles aos baobabs máis grandes e antigos de todo o mundo. Segundo o estudo, nos últimos 12 anos, 9 das 13 árbores máis antigas e 5 dos 6 máis grandes morreron.

Os autores afirman que as árbores máis grandes son os máis vulnerables, achacan como posible responsable ao cambio climático, aínda que o estudo en si di que se necesita máis investigación.

Fonte: Muy Interesante

Sabías que...

o ser humano deixou o seu rastro mesmo no Everest?

Pódense encontrar no teito do mundo desde tendas fluorescentes ou material de escalada e ata excrementos. En 2017, os alpinistas na vertente nepalesa recuperaron preto de 25 toneladas de refugallos sólidos e 15 toneladas de residuos humanos.

Boas Prácticas

San Sebastian estrea bus 100% eléctrico

O primeiro autobús articulado cento por cento eléctrico de San Sebastián, fabricado polo Grupo Irizar, entrou en servizo esta semana. Trátase dun vehículo de 18 metros cero emisións e silencioso que conta cun deseño innovador e unha atractiva estética aerodinámica.

O autobús conta con iluminación interior led, portos usb en todos os asentos e conta con baterías de Ion Litio de alta densidade de potencia e longa vida útil. Realiza carga nocturna en cocheiras, pero require tamén dunha carga de oportunidade durante o percorrido, cada vez que chega durante o seu percorrido á parada final realiza unha carga aproximada de 5-6 minutos. A posta en marcha do autobús permitirá unha redución anual de 120 toneladas de CO₂.

O autobús foi galardoado cos premios Autobús do Ano 2018 e Vehículo Industrial Ecolóxico 2018 en España.

Fonte: Ecoticias

10.000 voluntarios pola natureza

Máis de 10.000 voluntarios mobilizáronse o sábado en todo o país para frear a catástrofe ambiental que supón "a basuraleza", o abandono de residuos en contornas naturais, dentro da campaña "1m² pola natureza".

A campaña desenvolveuse de forma simultánea en máis de 400 puntos do país e contou este ano coa participación de 34 empresas, 11 comunidades autónomas e numerosas entidades sociais.

Fonte: El Mundo

A UE fixa unha cota do 32% de enerxías renovables en 2030

O Parlamento Europeo, a Comisión e os Gobernos dos 28 Estados membros acordaron que o 32% de toda a enerxía final consumida na UE en 2030 deberá ser de orixe renovable, un punto intermedio entre a posición de partida dos Gobernos dos 28, que propuxeron un 27%, e a da Eurocámara, que pedía un 35%. Na actualidade a cota europea rolda o 17%.

O acordo inclúe tamén a creación dun fondo para o desenvolvemento de enerxías renovables que axude ás comarcas carboeiras de Europa. Inclúese, ademais, unha revisión á alza no ano 2023.

Fonte: El País

Axenda Ambiental

- 20/06/2018 – 22/06/2018 VIII Congreso Internacional de Educación Intercultural e I Congreso Internacional de Saúdetranscultural
- Ata 24/06/2018 InnoEnergy
- Ata 30/06/2018 Concurso "ECOVIDRIO apoia a túa iniciativa sostible"

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal